

As bicicletas son vehículos perfectamente preparados para circular polas vías públicas. Ao teren que compartir o espazo cos coches, camións, autobuses etc., e tamén cos peóns, teñen tantas probabilidades coma outros vehículos de sufrir un accidente de tráfico, aínda que as consecuencias serán sempre moito peores por non ter a bicicleta ningún tipo de protección e ser a persoa que a conduce quen leva todo o golpe.

Para evitar accidentes é necesario ter en conta unhas normas básicas de seguridade e comportamento:

☞ **A bicicleta non é un xoguete, é un VEHÍCULO**, polo que debe estar sempre en boas condicións de circulación. Comproba o estado das rodas, os freos, a cadea etc.

☞ **Debes coñecer as normas e os sinais de circulación** e respectalos igual que calquera outro condutor. Así mesmo observa que os demais as cumpren para, se non é así, adiantarte ás súas manobras ou comportamentos estraños e evitar unha colisión.

☞ **Debes coller unha bicicleta do teu tamaño.** Para iso podes facer estas comprobacións:

✓ Sentado sobre o cadro debes chegar cos pés ao chan.



✓ Co cóbado no asento debes tocar coa man o guiador.



Circula polo carril-bici, pola beiravía ou o máis achegado posible ao bordo dereito da calzada. Non circules coa bicicleta polas beirarrúas. Respecta os peóns.



☞ Como en todos os vehículos, **se vas facer unha manobra deberás indicalo** con antelación e claridade suficiente mediante sinais cos brazos. Non realices a manobra ata ter a seguridade de que podes facela sen risco para ti e para os demais.



☞ **Non sorprendas nunca a outros condutores** ao saír dunha rúa, camiño, etc., e observa a preferencia de paso.

☞ **Ten coidado coas portas dos coches** que poden abrirse repentinamente.




☞ **Un ciclista pola noite é pouco visible.** Presta especial atención ao estado da iluminación da bicicleta e utiliza sempre o chaleco reflectante, non só de noite senón tamén cando hai pouca visibilidade por chuvia ou néboa.



☞ **Evita circular os días de vento, chuvia, xeo ou neve.** A sinalización sobre a calzada realizada con pintura branca vólvese moi esvaradía.

☞ **Comproba que ningún peón se dispón a cruzar.**

☞ **Usa sempre o casco.** AGORA TAMÉN É OBRIGATORIO PARA MENORES DE 16 ANOS EN ZONAS URBANAS.



☞ **Evita transportar a outra persoa.**

☞ **Non cruces a rúa por encima dun un paso para peóns** montado na bicicleta, apéate dela ou crúzala da mesma forma que calquera outro vehículo.



EN BICICLETA CIRCULA CON SEGURIDADE



POLICÍA LOCAL

